



MEDIDAS FISCAIS ADOPTADAS CON OCASIÓN DA PANDEMIA COVID-19

1. Todos os procedementos tributarios iniciados polo Concello suspéndense ata o 30 de abril de 2020,
2. Durante este período de suspensión, os suxeitos pasivos non están obrigados a realizar ningún trámite ante o Concello.
3. Os prazos de prescripción e caducidade de calquera acción e dereito quedarán suspendidos durante o prazo e vixencia do estado de alarma, e no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.
4. O prazo para contestar requirimentos de achega de documentos de natureza tributaria supéndese ata o 20 de maio de 2020.
5. Non se devindicarán xuros de mora durante o período transcorrido entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de abril de 2020.
6. Amplíase ata o 30 de abril os prazos para a interponer recursos e reclamacións.
7. O prazo voluntario de ingreso das autoliquidacións polo imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (plusvalía), rematará o último día do mes seguinte ao levantamento do estado de alarma.
8. Amplíase o período de cobranza en voluntaria dos distintos impostos e taxas Municipais, seguintes:

Tributos xa emitidos	Periodo de cobro en voluntaria	Data cargo da domiciación
IVTM CEMITERIOS MUNICIPAIS VADOS CAIXEIROS	1 de marzo ao 1 de xuño	1 de abril

Para poder realizar o **pagamento** do recibo **entre o 1 de maio e o 1 de xuño**, sen recarga do 5%, deberá:

- Solicitar un duplicado mediante o envío dun correo electrónico a recadacion@oleiros.org, indicando os datos do titular e a referencia do recibo.
- Se dispón de certificado dixital, pode descargar un duplicado ou págalo, a través da sede electrónica, na páxina web do Concello.

Tributos	Periodo de cobro en voluntaria	Data cargo da domiciación
IBI URBANA IBI RÚSTICA IAE	15 De setembro ao 30 de novembro	2 de novembro



CONCELLO DE
OLEIROS

>ECONOMÍA E FACENDA

9. A taxa por utilización privativa do dominio público con mesas e cadeiras (terrazas) minorarase polo período correspondente ao estado de alarma. No caso de ter realizado o pagamento, poderase solicitar a devolución da parte correspondente ao dito período.
10. Ampliase ata o 5 de maio o pagamento das cotas dos aprazamentos ou fraccionamentos que venzan o 20 de marzo, 6 de abril e 20 de abril.
11. Ampliase ao 30 de abril de 2020 o cargo das domiciliacións correspondentes ao mes de abril dos postos do mercado municipal de Perillo e do aluguer das naves do Viveiro de empresas do Polígono de Iñás.
Aquelas empresas ou comercios que tiveran que cesar a súa actividade durante o estado de alarma, poderán solicitar a suspensión do contrato e a exención do pago do cánon durante o período que dure o mesmo.